

PREGO DE CONDICIÓN S PARA A ADXUDICACIÓN DE 26 LICENZAS DE VENDA AMBULANTE NO MERCADO SEMANAL DO GROVE.

Artigo 1. Obxecto

É obxecto do presente prego de condición s a adxudicación por sorteo de 26 licenzas de venda ambulante nos días e horas establecidos para o mercado semanal, en postos desmontables instalados na vía pública, sinalados en color verde no plano adxunto, para exercer a actividade regulada no artigo 71 c) da Lei 13/2010, do 17 de decembro, de comercio interior de Galicia,

Artigo 2. Concorrentes

Poderán tomar parte na adxudicación das licenzas as persoas naturais ou xurídicas con plena capacidade de obrar, que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da Lei de comercio interior de Galicia, seguintes:

- a) Estar dado ou dada de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e, de ser o caso, no imposto de actividades económicas.
- b) Cumprir cos requisitos das regulamentación s de cada tipo de produtos.
- c) Estar en posesión, de ser o caso, do certificado acreditativo de ter recibida formación en materia de manipulación de alimentos.
- d) Satisfacer as taxas e os tributos fixados na correspondente ordenanza municipal.
- e) Dispoñer dos permisos de residencia e traballo que, en cada caso, fosen esixibles, se se tratase de persoas estranxeiras.
- f) As persoas xurídicas deberán acreditar os seguintes extremos: o CIF, acta de constitución, estatutos e escritura de poder outorgada á persoa que asina a solicitude de autorización en representación da empresa.
- g) Dispoñer de seguro de responsabilidade civil.

Por aplicación supletoria do Regulamento do mercado municipal, non poderán optar á obtención de licenzas, ademais das persoas incursas por lei en prohibición de contratar coas administración s municipais, aquelas persoas ás que lles fose revogada ou anulada unha concesión anterior como consecuencia de sanción s por faltas moi graves.

Cada persoa física ou xurídica non poderá presentar máis que unha solicitude; tampouco poderán concorrer as persoas que sexan titulares doutra licenza de venda ambulante no mercado do Grove.

Artigo 3. Contido da solicitude

As persoas interesadas en tomar parte na adxudicación presentarán a seguinte documentación:

- Escrito de solicitude conforme ao modelo que se une como anexo II.
- Copia de DNI ou documento que acredite a representación, en caso de tratarse de

persoas xurídicas.

A solicitude deberá ser dirixida ao Rexistro xeral do Concello do Grove, situado en rúa Cándido Acuña Blaco, 3, CP 36980 O Grove, e presentarase directamente no dito rexistro ou por calquera dos medios establecidos na Lei 30/1992, de 26 de novembro.

O prazo de presentación será de **oito días hábiles**, que comezarán a contar desde a publicación do anuncio de convocatoria no *Boletín Oficial da Provincia* de Pontevedra.

As persoas solicitantes que non presenten a solicitude directamente no Rexistro municipal deberán remitir, dentro do prazo de solicitude, ao número de fax 986 731 358, o xustificante de presentación, sen cuxo requisito non se terá por válida a presentación.

Artigo 4. Procedemento de adxudicación das licenzas

O quinto día hábil seguinte ao de remate do prazo de presentación de solicitudes, ás 12.00 h, na Casa do Concello, situada na Praza do Corgo, 1, procederase ao sorteo dos postos. O antedito acto será debidamente anunciado no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello do Grove.

Os solicitantes dos postos deberán comparecer ao dito acto para elixir posto persoalmente ou mediante un representante acreditado por escrito, non admitíndose acreditacións verbais.

Cada solicitude numerarase por orde correlativa ao número do rexistro de entrada de documentos que lle corresponde, confeccionando unha lista pública de solicitudes.

- Introduciranse nunha urna tantos números como solicitudes se presentasen.
- Extraeranse sucesivamente os números introducidos e, nese mesmo acto, o solicitante ao que lle correspondese o número extraído deberá elixir o posto entre os dispoñibles.
- De non concorrer ao acto o solicitante ao que lle corresponda o número extraído ou o seu representante debidamente acreditado, ou de non ter interese nos postos dispoñibles, seguirase coa extracción de números ata a asignación das 26 licenzas ofertadas.

Asignadas as 26 licenzas, rematará o acto de adxudicación.

Artigo 5. Formalización das licenzas

As persoas seleccionadas para seren adxudicatarias dunha licenza de venda ambulante serán requiridas pola Alcaldía para que no prazo de **cinco días**, desde que reciban a notificación, presenten os xustificantes de dispor a documentación esixida no artigo segundo das presentes bases.

Unha vez presentada a documentación, formalizaranse as referidas licenzas coa expedición da corresponde tarxeta de venda ambulante.

No caso de non se formalizar algunha das licenzas por falta de presentación da

documentación requirida, poderá convocarse un novo acto de adxudicación entre os solicitantes que non resultaron adxudicatarios.

Artigo 6. Termo da autorización

A duración das licenzas de venda ambulante será de dous anos dende a súa adxudicación, prorrogables por prazos iguais por autorización expresa municipal.

Artigo 7. Réxime xurídico

En todo o non previsto nas presentes bases será de aplicación a Lei de comercio interior de Galicia e, subsidiariamente, o Regulamento do mercado do Concello do Grove.

O Grove, 19 de xuño de 2014

O alcalde

Miguel Ángel Pérez García

ANEXO II
MODELO DE SOLICITUDE

D./Dña., veciño/a de....., con domicilio en, co DNI, actuando en nome propio (ou en representación de),), informado/a da convocatoria de adxudicación de licenzas de venda ambulante no mercado semanal do Grove,

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

a) Que acepto de forma incondicional as cláusulas do prego de condicións aprobado polo Concello do Grove para a *“adxudicación de 26 licenzas de venda ambulante no mercado semanal do Grove”*.

b) Que reúno todas e cada unha das condicións esixidas na cláusula segunda do citado prego de condicións.

SOLICITO:

Ser admitido/a para tomar parte no procedemento de adxudicación dunha licenza de venda ambulante no mercado semanal do Grove.

(data e sinatura)